

VIERNES, 1 de diciembre de 2006

REPORTAJE: LUCES

Mil 'rosalías' máis

Unha longa tradición de mulleres poetas complétase co xurdimento de novas narradoras

DOLORES VILAVEDRA | 1 DIC 2006

Archivado en: [Comunidades autónomas](#) [Rosalia de Castro](#) [Mujeres](#) [Administración autonómica](#) [Galicia](#) [España](#) [Administración pública](#) [Cultura](#) [Sociedad](#)

VERBAS DE MULLER. No berce da cultura galega moderna hai unha figura de muller: Rosalía de Castro. Con ela inaugóuse unha tradición feminina na lírica que se mantivo ó longo de máis dun século. Noutros eidos literarios e artísticos a pegada da muller resultou máis feble. Ata que o final do século XX fixo agromar un feixe de *rosalías* inzadas de creatividade.

A longa sombra da nai Rosalía pexou moito tempo, para ben e para mal, a incorporación activa das mulleres ao discurso literario. En primeiro lugar, porque o modelo no que se cousificou a herdanza da poeta trasmitíalles ás escritoras do século XX unha imaxe sobre a que non tiñan máis remedio que referenciarse. De aí a xinea de poetas que pouco a pouco, como puideron ou como lles deixaron, se foron abrindo un espazo nun sistema literario que facía do tónico -Rosalía, a nosa Santiña; Galicia, un matriarcado- a paradóxica xustificación do dominio masculino. Predicando teimosamente no deserto as voces de Luz Pozo, de María Mariño, de María do Carme Kruckenberg ou de Pura Vázquez demostraron que os seus non eran cantos de serea, senón achegas singulares á polifonía dun discurso perigosamente instalado na monodia (de xénero). Elas foron o pulo imprescindible para as que viñeron despois, para Margarita Ledo, para Xela Arias, Ana Romaní ou Pilar Pallarés.

Unha tropa de novas poetas provocou un terremoto lírico na década dos 90

As poetas máis novas manexan unha retórica anovada e unha referencias alternativas

Mais, entre a lírica e a literatura infantil e xuvenil, as axencias literarias foron apañándose para tecer un novo corsé en que encaixar ese corpo creativo que empezaba a medrar e cuxos membros máis ousados mesmo atrevíanse invadir territorios que lles semellaban vedados como o da narrativa. Velaí estaba o grial da modernidade, a nai do año que pariría novos públicos, eses que seica tiñan que garantirlle dunha vez por todas as tan degoradas mil primaveras máis ao idioma galego.

Pioneiras

Algún día haberá que buscar unha resposta á cuestión de por que tantas pioneiras optaron polo silencio logo dunha estrea máis que digna, aínda que se cadra Carmen Panero, Xosefa Goldar ou María Teresa Otero Sande non fixeron máis ca seguir o exemplo de Xohana Torres con *Adiós, María* (1971). Máis insistentes foron María Xosé Queizán, Marina Mayoral ou Úrsula Heinze. Se a primeira apostou dende cedo (e ata hoxe) pola experimentación de novos rexistros creativos ao integrarse no proxecto da Nova Narrativa Galega, Heinze sería a primeira muller que gañou un dos considerados grandes premios de novela galega: o Blanco Amor, xa no 1994 con *Culpable de asasinato*. Mentres, as escritoras seguían a sachar a leira da infancia, que tan familiar lles resultaba e na que seguramente se sentían tan útiles, pois a lingua e a literatura galegas empezaban a ter un lugar de seu no sistema escolar, e non había

materiais abondo cos que satisfacer tanta demanda. Esa disciplina, esa xenerosidade, veríase axiña recompensada en forma de premios, traducións e o recoñecemento fidelísimo do público. Se a literatura infantil e xuvenil galega é hoxe punteira entre a oferta do Estado español é, en boa medida, grazas á aposta que polo xénero fixeron Helena Villar, María Victoria Moreno, Ana María Fernández, Fina Casalderrey ou Gloria Sánchez.

E nisto que estamos xa nos 90, e algo inesperado comeza a suceder. Un terremoto lírico provocado por unha tropa de novas poetas abanea os alicerces do edificio literario e o corpo irrompe nos eidos do sublime, xa sexa en versión erótica, telúrica, pornográfica ou malditista. Unha falanxe na que sobrancea a voz madura de Chus Pato que, se por unha banda semella ser a difícil sucesora do sempre irreductible - tamén literariamente- Xosé Luís Méndez Ferrín, por outra é filla do seu tempo e responde ás provocacións posmodernas explorando a fondo a linguaxe para desvelar as súas carencias, aporías e perversións. Esta xeración de rapazas promove, se cadra sen elas sabéreno, un proxecto non excluínste no que se rencontrarán coas voces precursoras de Xohana Torres ou Ana Román, voces non menos profundas por ecoaren menos.

Había moitas tarefas pendentes: reivindicarse e construírse na diferenza, abrir un espazo de seu e lexitimalo a un tempo, revisar os mitos e símbolos cos que tradicionalmente a literatura e as artes codificaran a identidade das mulleres galegas. Moito que facer, xa digo, e todo isto sen esquecer o necesario enfrontamento dialéctico coa herdanza recibida que cada endeita literaria que o sexa de verdade ten que resolver. Será o tempo o que peneire e valore en xusteza as achegas literarias de Iolanda Castaño, de Olga Novo, de Lupe Gómez, de Enma Pedreira, Enma Couceiro e algunhas outras, pero hai algo que se nos revela xa como incuestionable, e que é mudaron de vez as expectativas, os desafíos, e as posibilidades con que se atopan as poetas de arestora. María do Cebreiro, María Comesaña, María Lado ou Antía Otero manexan unha retórica anovada e un abano referencial alternativo dende o que codificarse como mulleres e creadoras do século XXI.

O rebumbio que se produciu arredor das poetas dos 90 foi tal, o deslumbramento ao que todos sucumbimos tan absoluto, que durante un tempo ficamos cegos e xordos a nada que non fosen as súas voces. Voces que -unha vez máis- algúns Ulises saudosos quixeron identificar con cantos de serea. Pero por uns intres a vertixe de tantas posibilidades como se abrían perante nós fíxonos esquecer o resto e entrounos unha sorte de pánico escénico. Demos en detectar carencias, acomplexadas como outras veces por temer non estar á altura, por intuír que unha vez máis a aperta da nai Rosalía nos impedira voar. Pánico a morrer de éxito. E isto, nun momento en que a fascinación pola mocidade e pola novidade facía invisible todo aquilo que non encaixase nos parámetros dunha cultura cada vez máis funxible. Non soubemos ver que a leira estaba sementada, mesmo que comezara a agromar, e axiña a cuestión de "ulas narradoras?" empezou a soar de maneira insistente.

Cuestión de pánico escénico, xa digo, porque aí estaba Marilar Aleixandre para garantir a transición xeracional. No ano 2000 o olfato editorial de Fran Alonso decídeoo a reunir no volume Narradoras un monllo de textos de desigual calidade pero que tiña por obxectivo prioritario facer visible a existencia dunha nova xeración de narradoras. Non foi por casualidade que coincidise co momento en que as escritoras comezan a gañar os grandes premios de narrativa. A partir de aí, a bola de neve das narradoras medra de xeito imparable.

Moito menos pexadas por unha conciencia xenealóxica case inexistente (ula novelista galega equiparable ao que foi Rosalía na poesía?), as narradoras van e veñen, promiscuas e insaciáveis, polas posibilidades que lles abre o xénero. Tanto é así, que mesmo se poden permitir o luxo normalizado da discrepancia, e se algunhas rexeitan as etiquetas de xénero, outras como Rosa Aneiros, Beatriz Dacosta ou María Reimóndez parecen ir abeirándose ao que podería ser un proxecto dunha literatura comprometida.

Polo medio, a esperable voracidade mediática creou dous produtos ben distintos sobre os que se impón unha breve reflexión. Con *Anxos de garda* Anxos Sumai protagonizaría no 2003 un sorprendente éxito de vendas que parecía fillo da fascinación tecnolóxica á que todos, uns máis e outros menos, estabamos a sucumbir, pois o libro tiña a súa orixe nun diario electrónico. Pero xusto iso era o menos importante, e o libro cativaba polo seu lirismo e sensibilidade, e por falarnos aos lectores nun ton intimista, case confesional, que exercía unha función catártica en tempos de estrés e grandilocuencia. Máis rechamante é o caso de Teresa Moure. Non paga a pena reiterar o catálogo dos seus sucesos, nin facer inventarios dos numerosos premios recibidos. Só, de novo, lanzar algunhas cuestións entre as cales non me semella menor se as mulleres non estaremos desexando que novos modelos se fagan visibles para rescatarnos das presións estandarizadoras que decote se exercen sobre nós. Neste senso, a produción de Teresa Moure, tanto no eido discursivo coma no creativo, ofrece alternativas engaiolantes coas que ela mesma tenta ser coherente na imaxe de escritora que está a construír. Todo un desafío para ela e para nós.